

A DERROTA DO SCÓRPIO

Un paseo por Santiago
con Ricardo Carvalho Calero

CARVALHO CALERO 20

A DERROTA DO SCÓRPIO

Un paseo por Santiago con Ricardo Carvalho Calero



Edita: Concello de Santiago de Compostela
Praza do Obradoiro, Pazo de Raxoi, 15705 Santiago (A Coruña)
Depósito legal: C 2469-2019

Producido en Compostela
Coordinación da publicación: MAOS Innovación Social, S. Coop. Galega
Textos: María Abelleira Fontán, Óscar Senra Gómez e Xosé Antón González Serén.
Fotografías: Miguel Muñiz (Compostela actual) e Moncho Rama (Imaxes do álbum de Carvalho Calero).
Deseño: Ombretta, etc.
Impresión: Cograf

No ano 2020 dedícase o Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero, ferrolán de gran compostelanidade, e o Concello de Santiago quere renderlle homenaxe coa publicación deste breve itinerario comentado.

Os paseos pola nosa cidade formaban parte da súa vida. Desde a mocidade, cando ía pasear pola Ferradura ou pola rúa do Vilar ao saír do Seminario de Estudos Galegos, até os seus últimos anos, cando realizaba o traxecto diario entre a Carreira do Conde e a antiga Facultade de Filoloxía. Serve este formato para pór en relación a súa vida e a súa obra con Santiago de Compostela dun xeito participante e ameno.

Moito se ten escrito e dito xa sobre Carvalho Calero. Nesta ocasión quérese dar voz tanto ás personaxes da súa obra *Scórpio*, que transcorre parcialmente en Santiago, como a el mesmo, recollendo declaracións súas publicadas en diversos libros de conversas. Este percorrido ofrece datos, pero non todos, mostra portas, que non sempre abren, mais tamén abre xanelas. Trátase, en fin, dun conxunto de pistas que nos inciten a coñecer mellor o autor e a nosa cidade.

Este percorrido pode lerse tanto desde a perspectiva de pasearmos Santiago da man de Carvalho, como á inversa, como un paseo por Carvalho da man de Santiago. Por tanto, incitamos á lectura desta pequena homenaxe en calquera das (des)ordes posíbeis. Sempre baixo o auspicio do Escorpión.

Presentación



Rúa de Ricardo Carvalho Calero

Rúa de Galeras

Rúa dos Pelamios

Rúa das Carretas

Rúa dos Castineiros

Rúa de S. Francisco

Costa Vella

Pazo de Raxoi

Praza do Obradoiro

Praza de S. Martiño Pinario

Rúa de San Roque

R/Fonte de San Miguel

Praza da Quintana

Praza de Cervantes

Estatua de Carvalho Calero

Casa de Carvalho Calero

Instituto Rosalía de Castro

Campo da Estrela

Rúa do Vilar 15

Rúa do Vilar

Rúa da Calderería

Facultade de Xeografía e Historia

Praza de Universidade

Praza de Mazarelos

Rúa da Virxe da Cerca

Facultade de Filosofía (antigamente de Filoloxía)

Biblioteca Carvalho Calero. Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo

Praza de Galicia

Rúa da Senra

Rúa de Montero Ríos

Rúa da República Argentina

Rúa de San Pedro



Paradas do paseo



Outros espazos de Carvalho

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol o 30 de outubro de 1910 e faleceu en Santiago de Compostela en 1990. Era, por tanto, de horóscopo Escorpión, un dato que gañará relevancia ao falarmos máis adiante da súa obra. Nos seus 80 anos de vida escribiu máis de cincuenta libros de poesía, teatro, narrativa e ensaio; tamén foi membro do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, loitou na Guerra Civil no bando republicano, estivo preso en Xaén despois de ser xulgado por 'separatismo', foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galegas e acadou a consideración de ideólogo do reintegracionismo.

A relación de Carvalho Calero con Compostela é intensa. Chegou aquí por primeira vez con 15 anos, en 1926, para estudar Dereito, xa que daquela se estimaba que tiña máis saídas que Filosofía e Letras. Rematou a carreira en 1931. Volveu para Ferrol en 1933 e non será até 1965 que retorne para vivir na capital de Galiza, deixando atrás a dirección do Colexio Fingoi en Lugo para incorporarse como profesor interino de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago e, no curso seguinte, gañar a praza de adxunto no Instituto Feminino "Rosalía de Castro".

Unha obra fundamental de Carvalho Calero, tanto no conxunto da súa produción literaria como neste caso por transcorrer parcialmente en Santiago, é o seu romance *Scórpio* (publicado por primeira vez en 1987 na editora Sotelo Blanco). Recoñecida como unha das mellores novelas da literatura galega, recibiu o premio anual da Crítica española en 1988 para narrativa en galego. Esta obra marca moitos paralelismos coa vida do autor; de feito, a obra transcorre entre 1910, ano do seu nacemento,

Este edificio da Carreira do Conde, en Santiago de Compostela, foi a última casa de Carvalho Calero e M^a Ignacia Ramos.



e finaliza en 1939, ano en que remata a Guerra Civil, na que participou activamente do lado republicano. Dise que este romance é parcialmente autobiográfico, ou mesmo heterobiográfico, xa que encontramos coincidencias biográficas non só cunha das personaxes, senón con varias delas. O protagonista principal do libro é Rafael, tamén alcumado Scórpio por ser ese o seu signo do zodíaco, como o de Carvalho Calero. Mais Rafael non fala na obra, non chega a aparecer como narrador. Fano outras 34 personaxes que van describindo a súa vida e o seu tempo. Entre esas voces encontramos varias que se asocian coa propia experiencia de Carvalho, tal e como comentou el mesmo:

(...) a obra contén unha cantidade mui grande de vivencias vitais miñas. Mas estas están distribuídas dunha maneira profusa através de distintas personaxes. (...) En conxunto eu creio que presenta o drama, presenta a verdadeira traxédia dunha xerazón, a xerazón esta que chamábase "Halley" ou que chamábase ás veces xerazón do Seminario. Eu son un pouco Scórpio, pero mui pouco. (...) Pero son tamén Barreiro, son tamén Casado, son tamén Salgueiro, e se me apuran son todos os personaxes masculinos e femininos que alí bulen (...). (Salinas Portugal, 1991: 73-76)

Scórpio componse de dúas partes: a primeira transcorre en Ferrol, Santiago de Compostela e Salamanca, e na segunda a acción pasa a Madrid, Valencia, Andalucía, Barcelona e Portugal.

Os capítulos que transcorren en Santiago axudan a ligar espazos da vida compostelá de Carvalho coa dos protagonistas do romance. Por exemplo, na primeira parada que propomos



Carvalho comezou a publicar poemas en revistas e xornais desde moi novo. Esta fotografía enviouna á revista *Vida Gallega* en 1928. (Fonte: Galiciana).



Cartel do primeiro Día das Letras Galegas, dedicado a Rosalía de Castro, en 1963 co gallo do centenario da publicación de *Cantares Gallegos*.

dantes universitarios que van descubrindo as “cousas” da vida:

O doutor Meilám deixou-na a isso das oito ao pé da súa casa, a de Júlia, na Carreira do Conde. Como Eugénia lle dixerá que durante a súa ausencia asistiría ás conferencias que a esa hora se celebravam no Social sobre o descubrimento de América, e sabía que Marinha, a criada, tería permiso até o día seguinte, abriu coa súa chave, como soía fazer nesses casos, sem chamar à porta. A casa estaba em silêncio, e Júlia avançou polo corredor até o dormitorio. Empurrou a porta e, ao ver o que viu, deitou um terrível berro e caiu fulminada, sem sentido. (Carvalho Calero, 1987: 45)

nesto paseo, a Carreira do Conde, está situada a casa onde viviu Carvalho os seus últimos anos, e nela tamén se sitúa unha das primeiras accións da novela que decorren na nosa cidade. Cóntasenos que aquí vivían as irmás Cleo e Eugénia. A seguir transcribimos un pequeno treito de *Scórpio* onde se describe unha situación que aquí acontece nun momento en que os protagonistas do libro son adolescentes e estu-

O Día das Letras e Carvalho

A Real Academia Galega, da que era membro Carvalho, decidiu crear un día para as letras galegas en 1963 e dedicoulle o primeiro a Rosalía de Castro. En Santiago, a celebración dese primeiro día fíxose na Universidade, grazas á presión do estudantado que conseguiu facer un recital poético solemne no salón artesoadado de Fonseca, precedido por unha conferencia de Carvalho. Ao rematar, saíron en cortexo cívico polas rúas da cidade, con coroas de flores que levaron até a estatua de Rosalía na Alameda. A xente de Santiago, ao ver desfilar o estudantado, sumouse á poética procesión e despois da ofrenda floral cantouse o himno galego. Carvalho continuou divulgando as persoas homenaxeadas cada ano con conferencias e estudos para a RAG nos anos 60 e 70.

Tras a morte de Carvalho comezou unha longa controversia polo constante adiamento da súa homenaxe cun Día das Letras. O primeiro intento foi no ano 2000, ao cumprírense os preceptivos dez anos da morte do escritor. O clamor para concederlle o Día das Letras xa era unánime cando finalmente se acordou dedicarlle o ano 2020, cento dez anos despois do seu nacemento e trinta do seu pasamento.

2ª parada

Instituto Rosalía de Castro. A Xeración do Seminario e Rosalía de Castro

O Colexio de San Clemente albergou até 1985 o Instituto Feminino Rosalía de Castro, onde traballou como profesor adxunto Carvalho de 1965 até 1972, ano en que gaña o concurso para ser catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago.

Se nos retrotraemos un pouco no tempo, encontramos que neste predio estivo a sede da Sociedade Económica de Amigos del País a partir de 1883. Nesa entidade, aínda que noutro edificio, Rosalía de Castro, que é mencionada até en catro ocasións en *Scórpio*, recibiu formación musical, artística e literaria. No Colexio San Clemente tamén se realizou no ano 1919 a II Asemblea Nacionalista das Irmandades da Fala, ademais houbo unha exposición de obras de Castelao, para alén de ter sido sede do Seminario de Estudos Galegos entre 1925

Carné de Carvalho do Seminario de Estudos Galegos, onde aparece a data do seu ingreso, con dezaseis anos, apenas uns meses despois da súa chegada a Santiago.



e 1930, ano este en que se traslada para o Pazo de Fonseca. Na etapa do Seminario, no actual IES Rosalía de Castro, lembra Carvalho Calero que existía unha estufa ao redor da cal se refuxiaban en tempos de frío. Para completar a intensa historia deste espazo non podemos esquecer que en maio de 1932 daría aquí unha conferencia Federico García Lorca, un dos autores máis lidos pola xeración de Carvalho.



Membros do Seminario de Estudos Galegos nas ruínas de San Domingos en Pontevedra en 1928. Carvalho está no centro, con chapeu.

O Seminario de Estudos Galegos nace en 1923 cun acto na casa familiar de Rosalía de Castro en Ortoño, impulsado por un grupo de nove estudantes da USC preocupados pola pasividade da máis importante institución académica galega, que ignoraba tanto a sociedade como a realidade galegas. Un dos seus obxectivos era estudar Galiza de xeito científico, desde diferentes ámbitos e con equipos de traballo interdisciplinares. Coa imposición da ditadura franquista, esta institución foi desmantelada e moitas das persoas que nela traballaron foron asasinadas, exiliadas, expedientadas ou sancionadas.


En 1927 Carvalho Calero ingresa no Seminario de Estudos Galegos e, como lemos na anterior parada, el mesmo día que Scórpio presenta o drama "da xerazón esta que chamábase 'Halley' ou que chamábase ás veces xerazón do Seminario". Eran estudantes educados baixo o signo do centralismo e que tiñan que adaptarse pola súa conta á cultura galega. Lembra Carvalho que as primeiras actividades ás que asistiu no Seminario foron un curso-pasantía sobre fonética histórica galega, impartido por Lois Tobío, e a Festa da Prosa Galega, onde coñeceu membros da Xeración Nós, como Castelao, Ramón

Otero Pedrayo ou Vicente Risco. As personaxes principais de *Scórpio* tamén participan do Seminario e así nolo narra o personaxe Sagitário:

Fomos facendo amizades. Entre elas a de un rapaz que adoita sentar-se junto a mim. Este rapaz tem um irmão que está terminando a carreira de Direito, e que é um dos directivos do Seminário de Estudos Galegos, em cuja fundação participou. Levou-nos ali, quer dizer, ao local que o Seminário ocupa, numha aula, ou sala, do paço de San clemente, onde está instalada a Sociedade Económica de Amigos do País. Apresentaram-nos ao Presidente, um catedrático de pequena estatura, sonrosadas faces, claros olhos e brancos e grandes bigodes, e ao Secretário, um recém licenciado, alto, delgado, algo carregado de costas, com óculos de grossas lentes. (...) Dixérom-nos que se éramos poetas podíamos ingressar no Seminário mediante a leitura de um conjunto de versos, em galego, naturalmente. (Carvalho Calero, 1987: 29-30)

Nas *Conversas con Carballo Calero* (1989), de Carmen Blanco, o propio Carvalho fálanos máis da súa experiencia persoal e bota luz, por exemplo, sobre quen era ese “catedrático de sonrosadas faces”:

O Seminário estaba entón instalado no antigo Colexio de San Clemente, hoxe o Instituto Rosalía de Castro; e mui pronto me incorporei aos traballos que alí se realizaban; era presidente daquela institución, no momento en que eu cheguei a Santiago, don Salvador Cabeza de León (...). Eu cheguei a desempeñar o cargo de Secretario de Actas, e máis adiante, o de Secretario Xeral (...). fixen amizade (...) con estudantes ou mozos profesores que traballaban nas diversas seccións do Seminario, como son os xa citados Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde e tamén Luís Tobío Fernández, Antón Fraguas, Sebastián González. (...) o Seminário era para min un fogar, un casino, e lembro que soíamos pola tarde reunir-nos para traballar naquel local e depois, cando o tempo o permitía, saíamos a dar un paseo antes de cear, ou pola Ferradura, onde se paseaba no verao —pola Alameda máis propriamente— ou pola rúa do Vilar, por onde se paseaba no inverno. (...) non dispñíamos de demasiados medios para frecuentar os cafés ou as tabernas. De maneira que o paseo era unha práctica social moi utilizada. (Blanco García, 1989: 23-24)



Portada das *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago, 15-20 de xullo de 1985, congreso presidido por Carvalho.

Instituto Rosalía de Castro. Carvalho tivo unha gran relación con este edificio como membro do SEG a finais dos anos 20 e despois como profesor do Instituto Feminino (1965-72).



Nas conversas que Carvalho tivo con Carmen Blanco e con Fernán-Vello e Pillado Mayor, Carvalho relembra a vida intelectual e universitaria de Santiago de Compostela, mais tamén a relixiosa e a artesanal e, como non, a dos paseos, que vemos estaba ben presente na vida de Calero e no día a día de Compostela, como nos conta tamén Sagitário en *Scórpico*:

Ao findar as aulas, se o tempo é bom, imos dar umha volta à Ferradura. Depois de jantar, Scórpico pom-se a estudar imediatamente, e só ao entardecer sai da casa e vai ao Seminário, onde trabalha um pouco. Ao sairmos, passeia com outros membros dessa Instituição, esquivando todo contacto coas nossas antigas companheiras, as quais, por pares ou por tercetos, ou bem com noivos ou acompanhantes, seguem o antigo costume de ir e vir rua acima ou rua abaixo. (Carvalho Calero, 1987: 56-57)

Retornamos ao comezo desta parada e a Rosalía de Castro para lembrar que Carvalho foi un grande estudoso rosaliano, a quen dedicou varios ensaios e tamén o poema “Madrigal a Rosalía”, publicado orixinalmente en *O silenzo axionllado* (1934), que sería reeditado en 1980 como *O silencio ajoellado*.

A ti, sombra perdida, espírito pervagante,
que entre néboas de alén andas errante.
A ti, clara voz morta, ollos feridos,
pazo esquecido, outono
lonjano, chuvia
aceda sen lecer, sibila
chorosa; a ti que tes
o corazón de lua traspasado,
nas mans tremor de maina bris que ri,
as fazulas aradas pola dor
-oh estadea de bágoas sen fin-
e na fronte un fantasma aluarado:
a ti,
de min,
aos pes,

a flor
dun silencio ajoellado.

A volta a Compostela en 1965

A relación de Carvalho co edificio do Instituto Rosalía de Castro é dupla. Primeiro, como estudante que colabora co Seminario de Estudos Galegos desde os dezaseis anos, en 1926, até que este se traslada a Fonseca en 1930. E, segundo, como profesor no Instituto Feminino de 1965 a 1972.

En xullo do 36, Carvalho atopábase en Madrid facendo as oposicións para ingresar na carreira profesoral, mais o golpe de estado interrompeunas. A guerra e a posterior represión da ditadura prohibiulle a Carvalho acceder ao ensino público até 1965 en que, tras un intervalo de trinta anos, puido retomar esas oposicións interrompidas. Pasara tanto tempo que mesmo un membro do tribunal do 65 era fillo dun membro do tribunal do 36. Carvalho conseguiu o número un da oposición, escolleu praza en Santiago, cidade que xa non abandonaría, e comezou exercer a docencia de profesor de Lingua e Literatura españolas no Instituto Feminino Rosalía de Castro.

O propio Carvalho conta a súa experiencia de profesor no Instituto:

Alí, no Rosalía de Castro, eu realicei un labor para min enormemente agradábel, cunha enorme vocación e cun enorme entusiasmo; eu tiven alí nenas de primeiro ano, ás que había que ensinar a redactar, pero todo iso o facía con enorme gusto, é dicir, aunque fun profesor universitario, nos meus anos como profesor de ensino medio e, mesmo referíndome aos meus esforzos coas alunas dos primeiros anos, para min carecían totalmente de espiñas. (Blanco García, 1989: 45)

Neste instituto tamén foron profesores destacados galeguistas como Aquilino Iglesia Alvariño, profesor de Latín e Antonio Fraguas, etnógrafo e profesor de Xeografía e Historia.

Facultade de Xeografía e Historia. Universidade e República

3ª parada

A hoxe Facultade de Xeografía e Historia foi antes Facultade de Filosofía e Letras, e foino desde 1922 até 1974. O percorrido académico de Carvalho Calero e de diversos personaxes do romance *Scórpio* é case idéntico nalgúns puntos do seu currículo como estudantes. Tanto o noso protagonista real como os da ficción chegan a Santiago de Compostela en 1926 e estudan inicialmente Filosofía e Letras para despois pasaren a Dereito. Imos deixar de novo que nolo conten os protagonistas. Primeiro Carvalho Calero cun resumo do seu periplo académico:

Aínda que era Filosofía e Letras a carreira que eu encetara, en realidade, estudei Dereito, porque a carreira de Dereito se iniciaba cun curso preparatorio, que era, ao mesmo tempo, o primeiro ano de Filosofía e Letras. (...) como a carreira de Filosofía e Letras non tiña entón máis saída, practicamente, que unha cátedra (...), as perspectivas de obter unha remuneración como consecuencia do exercicio da profesión eran un pouco aventuradas. Entón isto decidíume a cursar Dereito, porque se estimaba que tiña máis saídas. (...) [Despois] fixen unhas oposicións ao corpo administrativo de funcionarios do concello de Ferrol, e unha vez que as gañei, seguí por libre a carreira de Filosofía (...). (Blanco García, 1989: 20-21)

A seguir damos voz a Sagitário:

Estamos matriculados no primeiro curso de Filosofía e Letras, que é ao mesmo tempo preparatorio de Dereito. Temos todo o ano académico para pensarmos se em definitiva havemos seguir a carreira de Filosofía e Letras, que é a que nos atrai, na nossa condición de literatos, ou a de Dereito que tem mais porvir (económico). (Carvalho Calero, 1987: 29)

Facultade de Xeografía e Historia. Cando Carvalho chegou a Santiago estudou Dereito e Filosofía e Letras neste edificio.



Un dos grandes valores do romance *Scórpio* é o de ofrecernos testemuños do seu tempo, non só dos protestos estudantís que viron e viviron, senón tamén, por exemplo, da presenza das mulleres nas aulas. Lembremos que na Universidade de Santiago as mulleres só poden matricularse a partir do curso 1913-1914. De aí que Rosalía de Castro, como xa se mencionou anteriormente, recibira formación na Sociedade Económica de Amigos del País sen chegar a dispor da oportunidade de asistir á universidade. Como conta Sagitário, tamén no capítulo X: "Há seis ou sete rapazas no curso, que se sentanuntas nas ringleiras mais altas dos escanos", e como completa Carvalho:

Mui poucas mulleres na universidade. En Dereito practicamente nengunha. Recordo unha que era dunha familia mui coñecida de banqueiros en Santiago e era a única ou case a única que estudaba Dereito. En Filosofía e Letras estudaban máis, había grupos de rapazas. (...) A miña muller estudou Filosofía e Letras. Coincidimos nalgunhas das asignaturas que eu cursaba. (...) (Blanco García, 1989: 26)

A súa compañeira era María Ignacia Ramos quen, ademais de se licenciar en Historia, foi tamén usuaria da biblioteca do Seminario de Estudos Galegos e escribirá nos cincuenta cos pseudónimos Silgar ou María Silgar nas revistas *Vida Gallega* e *Grial*, ademais de publicar unha obra de teatro. Poucas mulleres participaron no Seminario e a súa colaboración nas actividades foi escasa. En 1936 eran só 12 as socias activas, lonxe do 10% de mulleres que nese ano estudaban na Universidade de Santiago. Se non era fácil para elas accederen aos estudos universitarios —mesmo tendo un pai ilustrado, caso que relatan tanto María Tobío como Concha Castroviejo—, moito máis difícil resultaba dedicarlle, ademais, tempo e traballo non remunerado a unha asociación científico-cultural como o

Carvalho e M^a Ignacia Ramos coñecéronse nas aulas da Universidade e comezaron o noivado.



Seminario. Como recolle Borobó nun dos seus *Anacos* publicados no *Atlántico Diario*, Concha Castroviejo educouse entre “aquellas lindas niñas de la burguesía galaica, cuyos padres preferían todavía que no estudiasen el bachillerato ni fuesen a la universidad” [Martínez, R. (1991): “Borobó: Anacos”, *Atlántico Diario*, 5-9/IX/1991)]. Carvalho Calero, tamén citado neses mesmos artigos, e Concha Castroviejo van coincidir en Valencia nos últimos momentos da Guerra Civil.

A nivel de profesorado encontramos algunhas referencias en *Scórpio* que o propio Carvalho axuda a descifrar nas conversas con Carme Blanco. Así, por exemplo, non é difícil asimilar a figura de Recaséns Siches á do profesor Maluquer que aparece na obra:

Entre os profesores da Facultade de Dereito lembrarei a Recaséns Siches, catedrático de Filosofía do Dereito, discípulo en Viena de Hans Kelsen e en Berlín de Rudolf Stammler. Introduciu na Facultade novos métodos e unha maneira de enfrentar os problemas xurídicos que causou impacto social. (...). (Blanco García, 1989: 24-25)

Sagitário axúdanos a ligar o profesor real co literario e, de paso, introdúcenos no clima político da época:

Scórpio é o aluno predilecto do profesor Maluquer, que chegou recentemente à cidade, procedente de Viena e Berlín, onde foi discípulo, respectivamente, de Kelsen e de Stammler. Este catedrático novo logrou suscitar interese polos problemas da filosofía do Dereito mesmo em círculos cultos nom vinculados à Universidade. Cresce no ambiente a preocupación política. Poucos estudantes hã que nom se declarem hostis à Ditadura e à Monarquía. (Carvalho Calero, 1987: 56)

Lembremos que estamos nos anos da que se ten chamado “ditadura con rei”, a de Primo de Rivera con Afonso XIII, que vai de 1923 a 1930, cando será substituída pola chamada *dic-*

tablanda do xeneral Dámaso Berenguer, quen intentou acalmar unha situación moi alterada debido ao *crac* da Bolsa do 29 e polas revoltas sociais derivadas das políticas da etapa de Primo de Rivera. Nesa época o mundo vivía a implantación do fascismo en Italia e Alemaña, e outras ditaduras impoñense en Portugal e Polonia. No Estado español a ditadura ten grandes repercusións, unha delas será a da represión de calquera expresión nacionalista que non fose a propiamente española.

Co fin da ditadura, o galeguismo espreguizase e estruturas como as Irmandades da Fala, nacida na xeración anterior á de Carvalho ou Scórpio, transfórmanse en estruturas políticas, como o Partido Galeguista. Estamos no ano 1930 e, en palabras de Sagitário:

E agora o Ditador está morto. Exonerado polo Rei, foi-se a París, e ali findou a súa vida. O Rei quer restaurar o antigo regime. Muitos pedem Cortes Constituintes. Com Berenguer, temos outra vez reunions políticas (...). (...) eu “nengumha vez” tinha presenciado com anterioridade reunions políticas. Quero dizer reunions políticas nom convocadas polos que ostentam o poder. Cando as havia, antes da Ditadura, eu era mui neno para assistir a elas. (...). Assistim a algumas reunions de galeguistas. Trata-se de formar umha agrupaçom política que os reúna a todos. As cousas vam mui devagar. Os moços falamos umha língua, os velhos falam outra. Hai-nos que som galeguistas puros, e só pensam num estatuto para o nosso país, um estatuto de autonomia. Mas alguns destes falam da República Federal. Outros misturam as ideias galeguistas com avançadas ideias sociais, e citam Marx e Lênin. (Carvalho Calero, 1987: 103)

Tanto nas conversas como en *Scórpio*, Calero insiste na idea de que case todos os estudantes daquela época eran, non apenas liberais e antiditadura, mas tamén republicanos.

Mais isto era en 1930 e os nosos protagonistas están a piques de remataren os seus percorridos académicos en Compostela. No 31 tanto Carvalho como Rafael/Scórpio finalizan

Dereito e é o ano en que Carvalho publica o seu primeiro libro de poesía en galego, *Vieiros*. Xénero, o poético, co que se sentía moi identificado declarándose, antes que nada, poeta.

Pouco despois marcha para Ferrol como funcionario municipal e continúa como alumno libre a carreira de Filosofía e Letras. Rafael/Scórpio marcha tamén en 1931 para Salamanca onde se matricula en Filosofía e Letras para estudar o ramo de Linguas, ou Filoloxía Románica, xa que en Compostela só existe a sección de Historia.

O primeiro profesor de galego na Universidade


Ao mesmo tempo que Carvalho comeza a dar aulas no Instituto Rosalía, en 1965, inicia na Universidade unha experiencia docente pioneira:

(...) aquel mesmo ano, don Abelardo Moralejo Laso, decano da Facultade de Filosofía e Letras e antigo profesor meu, escribume pedíndome que me encargara das clases de Lingua e Literatura Galega que entón empezaban a funcionar. (Blanco García, 1989: 40)

Pero as cousas tampouco foron fáciles na Universidade. A cátedra para a nova disciplina de Lingua e Literatura Galegas anunciouse en 1968, mais a súa concreción demorou:

Por receios gubernamentais tardou muito en dotarse esa cátedra e, unha vez dotada, tardou muito en sair a oposición. Isto non se explica senón porque os estudos dos idiomas periféricos dentro do Estado español tiñan mala prensa entre as autoridades máis conservadoras. Posibelmente a miña persoa oferecese tamén a certas autoridades, reservas. O caso é que até 1971 non se convocaron estas oposicións e en febreiro ou marzal de 1972 puiden convertirme en catedrático despois de facer, claro, as oposicións correspondentes”. (Blanco García, 1989: 44)

Con *Vieiros* Carvalho Calero inaugura a súa poesía en galego, que continuará a practicar o resto da súa vida.



Con Carvalho o galego alcanzaba o maior status académico posíbel, nun tempo en que non se impartía en ningunha etapa educativa. Cando Carvalho obtivo a cátedra universitaria centrouse no traballo universitario e deixou de ser profesor do Instituto Rosalía de Castro.

4ª parada

Rúa do Vilar 15. A lingua

A rúa do Vilar, para alén de ter sido a rúa máis paseada no inverno grazas aos seus protectores soportais, é protagonista de eventos históricos composteláns, como a inauguración das Irmandades da Fala locais, no seu número 21. Ten ademais relevancia e presenza tanto na vida de Carvalho Calero como na dos protagonistas de *Scórpico*. Esta rúa era o lugar de reunión de Sagitário e Scórpico con Cleo e Nona nos seus primeiros tempos na cidade. Mais Carvalho Calero deixou gardadas tamén algunhas lembranzas especiais sobre o número 15 desta rúa, onde se localizaba a imprenta Nós, que el frecuentaba por ser amigo do editor e político Ánxel Casal, a pesar da diferenza de idade entre ambos. Esas lembranzas tráennos outro paralelismo con Rafael/Scórpico e Sagitário: os tres escribían poesía, mais en galego só desde o comezo Scórpico, a quen se une na vida real Carvalho Calero a partir de 1931 co libro *Vieiros*:

Anxel Casal foi tamén un grande amigo. Eu facía versos en galego e, cando tiveron un feixe, escribinlle a Casal, que entón vivía na Coruña, ofrecéndolle este feixe de versos para ser publicado pola editorial, contestoume aceptando publicar o meu libro *Vieiros* (1931). A primeira vez que o vin, se non recordo mal, foi nos claustros da Universidade onde compareceu para entregarme un exemplar, primeiro exemplar deste libro *Vieiros*. Entón debín coñecelo nese ano trinta. Logo establecido el en Santiago viao todos os días. Era un home extraordinariamente xeneroso; tamén mantiven con el unha íntima amizade, amizade de camaradas, a pesar de que había un certo desnivel de idade, tamén era unha persoa extraordinariamente agradábel a súa muller, que era modista. (Blanco García, 1991: 52)

Carvalho Calero coincidirá con Ánxel Casal por última vez en Madrid por causa da entrega do Estatuto de autonomía de Galiza. Será en xullo de 1936.

Vieiros convértese na primeira obra en galego de Carvalho Calero. A súa preocupación pola lingua vén, en todo caso, de lonxe e é cuestión transversal na súa obra. Relembramos o xa comentado sobre o bilingüismo no Seminario de Estudos Galegos. En *Scórpico* encontramos tamén varias descrições do uso naquela altura do galego na vida diaria, para alén de na poesía de Rafael:

Os meus pais falavam en galego entre si, mas a mim falavam-me em castelhano. A mim e à minha irmã Júlia, que morreu aos treze anos da sua idade. Assi que eu falei sempre em castelhano com Aurélia, e os meus filhos já nom falarom mais que em castelhano com toda a gente. Eu, cando ainda me dedicava aos negócios, podia falar galego cos obreiros. Mas o meu galego é mui distinto do galego que escreve Rafael. Já o meu galego nom me servia para entender todo o que lia em Rosalia ou em Curros. (...) E é que o galego que falamos está mui estropiado, porque as gentes de mais poder e riqueza e cultura falam ordinariamente em castelhano, e todos tendem a imitá-las. (...). Rafael e Chéli falam entre si em castelhano, mas cando vem Jorge, ele e Rafael falam galego diante de Chéli, e a Chéli nom lhe custa nengum trabalho falar com eles na mesma língua ou dialecto. Mesmo a mim me soa melhor e mais natural o galego de Chéli que o de Rafael ou Jorge. Muitas vezes Chéli ri-se pelas palavras raríssimas que usam Rafael e Jorge, e eles dim-lhe a Chéli que as que ela emprega nom som verdadeiramente galegas, senom tomadas ou adaptadas do castelhano. Mas ela di que essas, as que ela usa, som as que usam os seus pais, e deveras som as que os meus pais usavam, que nunca lhes ouvim termos como ronsel e Deus. Mas se cadra noutros sitios onde o galego se fale melhor ou mais cerrado, como nas Rias Baixas, ou na provincia de Lugo, estarám em uso essas palavras. (Carvalho Calero, 1987: 121-122)

Nos anos trinta, conta Carvalho que os galeguistas se coñecían porque falaban en galego, aínda que non era exclusivo deles e xentes doutros partidos tamén o falaban, como Xoán Xesús González, galeguista tamén mais primeiramente socialista. Segundo Carvalho a diferenza situábase en que os mem-

bros do Partido Galeguista estaban unidos polo galeguismo, foren agnósticos ou católicos, marxistas ou antimarxistas, e os demais daban preferencia a outras loitas.

Este compromiso co galeguismo e coa lingua maniféstase tamén na literatura, especialmente no teatro, xénero que Carvalho Calero cultivou de forma esporádica pero para o que asumiu o compromiso alcanzado após a III Asemblea do Partido Galeguista (Ourense, 1934), onde se aborda a necesidade dunha renovación escénica e da construción dun teatro nacional.

Destaca tamén o labor que realizou a petición da editorial Galaxia, ao elaborar a primeira análise científica da literatura galega na súa monumental *Historia da literatura galega contemporánea* (1963), que estuda o período de 1808 a 1936. Salienta

Cunqueiro, Fernández del Riego e Carvalho nunha foto do seus tempos de estudantes en Santiago.



ademais a súa *Gramática elemental del gallego común* (1966), que respondía á necesidade dunha gramática moderna do galego. Alén diso, escribiu numerosísimos artigos académicos e divulgativos, ademais de preparar edicións sobre autores clave como Rosalía, Castelao ou Afonso X.

O reintegracionismo

Desde mediados dos 70, coa chegada da democracia e da autonomía, Carvalho entendeu que era o momento de reconectar o galego co seu vello tronco galego-portugués. Sendo a persoa máis respectada no ámbito lingüístico galego, converteuse no máximo teórico do reintegracionismo, cuxa pretensión é manter a singularidade do galego máis dentro da área do galego-portugués, polo cal se debería adoptar a ortografía portuguesa. E Carvalho reivindicou esa vía tanto pola tradición galeguista como polos estudos lingüísticos da romanística.

Esta opción reintegracionista móstraa Carvalho en artigos, libros e tamén nas primeiras normas do galego do período democrático. Porén, as institucións oficiais optarán por manter a ortografía que xa se estaba empregando. Esta postura provocou que nos últimos anos Carvalho sufrise ostracismo, ou, como el mesmo ten dito, fora "excomungado" por parte dalgúns institucións.

Distanciado do novo poder institucional, Carvalho mantivo, porén, unha nova etapa fértil coa súa defensa da vía reintegracionista como o mellor camiño de futuro para a lingua. Ademais, creouse ao redor da súa figura un vizoso movemento lingüístico que defendeu o seu legado teórico e o reivindicou socialmente ante a marxinação oficial.

Este edificio da rúa do Vilar foi a última sede da imprenta de Ánxel Casal antes da guerra.



5ª parada

Pazo de Raxoi. A Segunda República en Compostela

Un dos moitos momentos históricos vividos por Carvalho Calero en Santiago de Compostela foi a proclamación da Segunda República. Carvalho dará voz a un novo narrador anónimo, un “estudante” en *Scórpio* para nolo narrar:

Sáimos tumultuosamente da casa de Domínguez, cando o noso anfitrión conseguiu comunicación co seu primo de Madrid e este lle dixo que o Ministerio da Gobernação fora ocupado polos republicanos e que desde o balcón se proclamara a República. Non sabíamos se teríamos que assaltar o paço de Rajó. Cando chegamos à praça do Obradoiro, já havia nela muita gente, e polo Franco, pola avenida de Rajó, por Hortas e Carretas, por San Francisco, pola Azevicharia, afluíam novos grupos. Pronto a praça estivo quase cheia de pessoas, e começaram a aparecer entre elas bandeiras republicanas. Dizia-se que os concelhais republicanos eleitos estavam negociando com as autoridades municipais. De súbito, um grupo de pessoas apareceu no balcão principal e foi içada no hastil uma grande bandeira tricolor em meio das aclamações da multidão. O que ia ser o primeiro Alcaide republicano pronunciou um discurso em que deu conta do triunfo geral das candidaturas republicanas em toda Espanha, da proclamação da República em Madrid e da ordem e disciplina com que todos os acontecimentos se estavam produzindo. Logo, um homem de volumosa presença e barbas pimagallianas, a quem bem conhecia eu como velho republicano que ele era, tomou a palavra, e declarou que aquele era o dia mais feliz da sua vida (...). Todos aplaudimos com frenesi, e dando vivas e morras espalhamo-nos pelos cafés e as tabernas para celebrar o triunfo. (Carvalho Calero, 1987: 116-117)

Ese primeiro alcaide republicano citado no texto era Raimundo López Pol, militante da ORGA (*Organización Republicana Gallega Autónoma*). Pouco depois, em dezembro de 1931, funda-se em Pontevedra o Partido Galeguista. Na ficção ali estarão Scórpio e Sagitário, que pasan a ser afiliados fundado-

res do partido e onde poden “trocar umas palavras com Castela e Otero Pedraio” (Carvalho Calero, 1987: 131), e ali esteve presente também Carvalho Calero.

Relacionado com a nossa cidade, Carvalho Calero lembra como em 1931 o alcaide de Santiago, Felipe Gil Casares, ante as desordens que segundo ele se daban na universidade, ordenara a entrada da força pública. Esta acción levou Carvalho a escribir o libro *La fuerza pública en la Universidad de Santiago. Datos y Documentos*, contra a intromisión dunha autoridade civil no recinto universitario. Ese mesmo alcaide, cando se produciu o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, presentouse ao comandante militar de Compostela, Bermúdez de Castro, con 30 mozos armados das *Juventudes de Acción Popular* (organización xuvenil de ideoloxía dereitista, os seus membros eran coñecidos como os “camisas verdes”) para ofrecer os seus servizos aos sublevados. Esta postura non representaría un atranco para anos despois pedir-lle a Carvalho Calero unha copia do seu libro, prometendo que non o perseguiría polos seus contidos. Contrasta esta actitude com a do xa mencionado socialista Xoán Xesús González, que se puxo á fronte dun grupo de 50 obreiros de Teo, coñecidos como *O Terzo de Calo*, que se dirixiron cara a Compostela para defender a legalidade republicana. Acabaría nos baixos deste pazo, no cárcere da Falcona, con, entre outros, o também mencionado Ánxel Casal ou Camilo Díaz Balino e sería fusilado o 12 de setembro de 1936 na tapia do cemiterio de Boisaca.

Encontrámonos nunha época de gran relevancia histórica, tal e como sinala Salgueiro: “Hai, porém, que comportar-se seriamente, e sacrificar algo ao bem comum. Estamos num momento histórico. Hai que comprometer-se” (Carvalho Calero, 1987: 92). Ainda que este compromisso en *Scórpio* parece exclusivo dos protagonistas masculinos, talvez reflexo dunha época.

Pazo de Raxoi, sede do
Concello de Santiago.



Carvalho e Lois Tobío redactaron o anteproxecto do *Estatuto de Galiza* nos primeiros meses da República, en 1931, na biblioteca da Facultade de Letras (actual Xeografía e Historia). Tras moitas vicisitudes, en xuño de 1936 aprobouse en referendo o Estatuto. Na imaxe, proxecto de Estatuto con deseño na portada de Camilo Díaz Baliño, de 1932.



A Segunda República supuxo a maior experiencia democrática até ese momento tamén en Galiza. Os galeguistas e nacionalistas agrupáronse maioritariamente en torno a dous partidos, a ORGA de Casares Quiroga e Vilar Ponte, e o Partido Galeguista, onde confluíron boa parte dos homes do Seminario de Estudos Galegos, como Castelao e Otero Pedrayo. Carvalho formou parte desde a súa fundación do Partido Galeguista, no que tivo varios cargos.

A principal actividade do nacionalismo galego durante a Segunda República foi a elaboración e aprobación do Estatuto de autonomía de Galiza. Carvalho participou no primeiro anteproxecto de Estatuto e tamén enviou varias emendas que foron incluídas no Estatuto aprobado en xuño de 1936.

6ª parada

Praza da Quintana. A Xeración do 27 e a Guerra

Carvalho conta en diversas conversas e entrevistas que unha das lecturas máis comúns entre o estudantado universitario da súa época era a dos poetas da Xeración do 27 española. Cita en concreto a Rafael Alberti, Federico García Lorca, Jorge Guillén ou Pedro Salinas. Este interese reflíctese tamén na biblioteca persoal de Carvalho, hoxe no Parlamento de Galicia, onde destacan primeiras edicións de autores desa xeración.

Un dos seus membros, Gerardo Diego, chegou a Compostela o 1 de novembro de 1929 para impartir dúas conferencias na Facultade de Filosofía e Letras, unha das cales utilizará Carvalho Calero como modelo para a súa primeira conferencia en galego: “Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea”, publicada posteriormente en Nós (1931). Na noite da chegada de Gerardo Diego á cidade, colapsa a central eléctrica e todo fica ás escuras, xusto cando polas rúas saían as devotas á novena das Ánimas, “acompañadas por escuderos o dueños con linterna”, o cal o inspira esa mesma noite para escribir á luz dunha candea o poema «Ante las torres de Compostela», que publicaría en 1940 no libro *Ángeles de Compostela*.

Esta praza da Quintana inspirou a Carvalho o poema “Nou-
turnio compostelán”, publicado en *Vieiros*.

Os sinos esgazon a tea do silencio.
Do outo do campadario, como pombas feridas
pol-os dardos do tempo, besteiro inmorredoiro,
caíndo en col da noite as badaladas ían.

A praza da Quintaa, baixo o luar, soñaba
que a cruzaban, saudosas, as somas fuxitivas
do arcebispo Xelmírez e do mestre Mateo,
o cubizoso crego e o milagreiro artista.

A catedral e a lúa xogaban ô frorete:
a lúa c'unha longa raiola de luz frida;
a catedral coa súa agulla, en cuia punta
como botón de ouro unha estrela locía.

S'ouvía gurgullar o corazón medievo
da cibdade na vella fonte das Prateirías.
No longo muro do convento de San Paio
baixo o luar as reixas semellaban froridas.

Na noite recendente de arumes centearios
a praza da Quintaa, soitaria, parecía
agardar o miudo chapín da dona Urraca,
raíña da Castela, bela e tola raíña.

Na noite recendente das frores da refenda
a voz fonda sómentes do silencio s'ouvía.
O tempo remontaba a corrente dos sigros
e a vida era máis outa, máis sinxela e máis ricia.

Un morcego pasou, remando, pol-o ar.
N-un leito azul, a lúa, núa e branca, surría...
Qué dedos inmortaes carexarán seu corpo?
Que beizos bicarán súa carne donda e nidia?

Na noite recendente de arumes centearios
a voz fonda sómentes do silencio s'ouvía.
A praza da Quintaa, baixo o luar, soñaba
n-un rexurdir grorioso da Galiza.

Gerardo Diego puido publicar en 1940 porque foi o único membro da Xeración do 27 que se posicionaría en 1936 en favor do golpe de estado militar. Todo o oposto aconteceu con outro visitante da cidade, Federico García Lorca, quen en 1932 estivo con *La Barraca* na Quintana e en 1935 escribiu en galego á cidade e, como Carvalho, a esta mesma praza; ou con outro poeta, que segundo Dámaso Alonso foi o “xenial epílogo” da



Biblioteca Carvalho Calero no Parlamento de Galicia.

Xeración do 27, falamos de Miguel Hernández. Del destacan dous curiosos datos que o poñen en relación con Carvalho Calero. O primeiro é que naceron no mesmo día e ano, o 30 de outubro de 1910, e o segundo é o seu paso por Xaén con pouco tempo de diferenza. Alí loitou Miguel Hernández en 1937 e alí desempeñou Carvalho un ano antes a función de axudante dun xefe de servizos xurídicos,

situado, pois, na plana maior do Exército de Andalucía; e en dúas ocasións actuou como avogado. Finalizada a guerra, Carvalho é detido e acusado, entre outros delitos, de “separatista” polo fiscal, pedindo cadea perpetua para o prisioneiro. Por falta de probas o Consello de Guerra condenou Carvalho, por “adhesión á rebelión”, a doce anos e un día de reclusión menor. Foi internado no cárcere Xaén, de onde saíu en 1941 en liberdade provisional, de onde retornou para Ferrol.

En *Scórpido* encontramos referencias á vivencia da guerra do propio Carvalho. No que atinxe aos anos 1936-1939, no romance faise referencia a episodios da guerra por el experimentados: miliciano en Madrid, formación en Valencia, tenente en Andalucía, avogado defensor dun miliciano condenado á morte e fusilado, a protección de Castelao en Valencia etc. Esta terríbel experiencia percorreu de forma transversal a súa obra. Como se reflicte neste treito dun poema do seu libro *Reticências...* (1986-1989):

Muitos morrerom, mas
nom falo agora desses mortos; falo
dos que tiverom que viver morrendo
entre os seus matadores, lendo a imprensa
que de lama os enchera, saudando
as insignias contra as quais militaram.
Como podemos viver? E mais vivémom.

A biblioteca de Carvalho no Parlamento de Galicia

Carvalho dedicou a súa vida á cultura galega e ese compromiso desenvolveuse especialmente na docencia, na investigación e na creación literaria. De todo ese esforzo intelectual pódese seguir a pista na biblioteca e no arquivo persoais de Carvalho Calero, depositados no Parlamento de Galicia para uso de persoas investigadoras.

A súa biblioteca comprende case cinco mil libros e duascenas revistas. A maioría dos libros son de literatura e lingüística, aínda que tamén hai exemplares de historia ou filosofía. Destaca unha completa colección de autores galegos do século XIX e XX, en moitos casos primeiras edicións, como tamén hai primeiras edicións de autores da Xeración do 27. Do seu arquivo persoal custodiado no Parlamento salientan manuscritos do propio autor e preto de catro mil cartas.

Curiosa é a coincidencia de que se garden a súa biblioteca e arquivos no mesmo edificio do Hórreo onde Carvalho fixo o servizo militar cando era cuartel, hoxe reconvertido en sede parlamentaria.

Praza da Quintana.



7ª parada

*Rúa da Fonte de San Miguel (cruzamento con Abril Ares).
Compostela primeira e última*

Se este percorrido comezou na rúa onde Carvalho Calero pasou os últimos anos da súa vida, terá a súa última parada alí onde principiou a súa estadia compostelá, nunha pensión, que é onde o estudantado universitario masculino vivía maioritariamente no Santiago dos anos 20 e 30. Así o lembra o propio Carvalho:

Vivín primeiro nunha pousada próxima á casa da Troia, porque está na rúa que se chama Fonte de San Miguel, no cruce con Brillares, que hoxe ten o nome restaurado "Abril Ares". Alí vivín algún tempo. Vivín tamén na Travesía do Instituto, ou Tránsito dos Gramáticos hoxe, e, finalmente na rúa da Azabachería e na da Troia. Esas foron as miñas pousadas en Santiago; eu vivía en pousadas. Algúns estudantes que dispuñan dun presuposto folgado vivían en hotel, pero o corrente era que os estudantes vivisen en pousadas; pousadas que distaban moitísimo de estar dotadas das necesarias condicións de hixiene e comodidade, pero, entón, os mozos exixíamos mui pouco e aturábamos, coa nosa mocidade, o frío, a humidade, e as molestias que ocasionaban as deficientes instalacións. (Blanco García, 1989: 20)

Lembremos que Calero chegou a Santiago de Compostela con apenas 15 anos e que cumpriu 16 xa co curso universitario 1926-1927 comezado. A zona vella de Santiago foi o barrio da súa mocidade, como o Ferrol vello o foi da súa infancia.

Como típicos estudantes masculinos da época, para alén da poesía e da política, dispuñan tempo para outros asuntos. Como asistir a un faladoiro no Derby (aberto en 1929) ou, como conta Sagitário, mocear...

(..) Aínda podemos picar no grémio das aprendizas de costureiras, se queremos aventurar-nos polo bairro do Sar, pola poça de Bar ou a rúa de

Sam Pedro, onde viven criaturas máis chás e desenvoltas que a maioría das estudantes, com maior naturalidade no seu trato, mas sumamente atentas a defender-se de qualquer exceso de entusiasmo amoroso que deteriore a súa posición de rapazas casadeiras. (...). (Carballo Calero, 1987: 46)

Daquela non existía aínda o Ensanche. Santiago de Compostela era ben máis pequena do que hoxe e nela si que se coñecía case todo o mundo. A pesar diso, como hoxe, tiña diferentes capas e existían diferentes círculos de estudantes cos que Carvalho se trataba en maior ou menor medida ou só con algúns membros, como o círculo dos seus amigos Luís Seoane e Paco del Riego, que era tamén o de Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro ou Maside, e que se facían chamar o "Clan dos Nerunderem" e se reunían no reservado do café Suízo, na rúa Nova. Ánxel Fole e Cunqueiro partillaban pensión na rúa da Ensinanza 11. Cóntanos Cunqueiro que daquela dispoñían de pouco diñeiro, pero tampouco precisaban de máis, "la ciudad era gratis, los libros también. Y también los sueños".

Carvalho coñeceu na xuventude aquel Santiago dos anos vinte e trinta, para retornar na madurez décadas despois. É, por tanto, testemuña de dous momentos distantes do mesmo século e das diversas transformacións acontecidas nese tempo.

Era aquel Santiago unha cidade pequena, onde todos nos coñecíamos, onde a Universidade era o centro indiscutíbel da vida colectiva e onde era perfectamente posíbel unha relación intensa con todas aquelas persoas que se encontraban na mesma liña de vida profesional que nós; hoxe non ocorre así, de maneira que aquel Santiago (aínda que máis pobre) era un Santiago onde a relación entre os amigos era muito máis intensa, era un Santiago de tertulias. Aínda que eu nunca fun mui afeito a tertulias de café, por suposto relacionábame todos os días cun grupo de persoas que eran amigos fraternais meus. (Blanco García, 1989: 54-55)



Cruzamento da rúa da Fonte de San Miguel coa rúa de Abril Ares. Carvalho viviu nunha pensión nesta zona.

A última década de vida de Carvalho, a dos anos 80, pasouna retirado xa das aulas e puido centrarse na súa obra. Así, reeditou a súa poesía primeira e a poesía dispersa dos anos intermedios, xuntou nun volume as súas obras de teatro e noutro a súa narrativa. Comezou ademais a recompilar artigos. Pero non só recompilou a obra dunha vida, senón que continuou escribindo unha nova obra de grande interese, como o libro que nos serviu de guía até aquí, *Scórpido* (1987). Todo ese traballo de escrita desenvolvíase no despacho de que dispuña na daquela Facultade de Filoloxía a pesar de estar xubilado. Cara alí se dirixía rigorosamente todos os días até pouco antes de falecer en marzo de 1990.



Em Santiago de Compostela, desde a Carreira do Conde á praça de Maçarelos, o trajecto é curto. Nas circunstancias em que hoje se desenrola o tránsito, fai-se em tempo mais breve aquel caminho de a pé que sobre rodas. De por parte, a persoa que vos fala, que tem o seu domicilio naquela Carreira e o seu posto de traballo naquela Praça, carece de rodas sobre as que rodar. Todos os días, entre as oito e nove da manhá, pola Senra, a Fonte de Santo António e o Tránsito dos Gramáticos, acede ao Mercado Velho para entrar, sob o imponente escudo de armas que brasona a fachada, in eremum, quer dizer, na sua Faculdade de Filologia, o edificio que para colégio de Exercitantes erigiu o Arcebispo Yermo, segundo projecto de Lucas Ferro. In eremo, reza a lenda do brasom, lembrando, em admoniçom equivocada, o nome do fundador e a austeridade como de eremitório que debe reger a vida do que se exercita na disciplina eclesiástica, e, segundo a opinión de muitos, na própria disciplina universitária.. (Carvalho Calero, R. (1980): "Louvança do vinho do Ribeiro", en Asociación Galega da Língua (AGAL) (ed.): Letras Galegas (1984). Asociación Galega da Língua (AGAL), A Coruña: 127-131.

O Derby foi un dos cafés de moda nos anos trinta e enseguida se converteu en sede dun faladoiro de intelectuais galeguistas.

Fotografia da actual
Facultade de Filosofía
e antiga de Filloxía,
onde Carvalho tiña o
seu despacho cando se
xubilou.



Será o propio Ricardo Carvalho Calero quen poña o colofón a este libriño-paseo co seu poema “Somos os pacifistas”, presente en *Reticências...* (1986-1989), libro que entrou no prelo xusto no día da súa morte.

Somos os pacifistas,
que andamos dando guerra.

Somos as feministas,
que vestimos de home.

Somos os poetas eróticos,
impotentes no tálamo nupcial.

Somos os sacerdotes,
que nom cremos em Deus.

Somos os comunistas,
mui zelosos da nossa propiedade privada.

Somos os homes -e as mulheres-. Inumanos,
como cumpre à nossa humana condiçom.

Se os nossos nomes e as nossas condutas
nom foram como som contradiçom,
só seríamos sombras.

Mas somos realidades, e por isso
somos assi, contrários do que somos.

30 de outubro, Nace Ricardo
Carvalho Calero en Ferrol.

Estuda no Colegio Sagrado
Corazón de Jesús e prepara por
libre o bacharelato (1921-1924).
Primeiras publicacións nas
revistas *Maruxa* e *Vida Gallega* e
en *El Correo Gallego*.

Ingresa na Universidade de
Santiago en Filosofía e Letras,
preparatorio de Dereito.
30 de outubro - Ingresa no SEG
como socio correspondente.

Ingreso como socio no SEG coa
lectura de poemas en galego.

Publica o seu primeiro libro,
Trinitarias, poemario en español.

Imparte a conferencia “En
torno a las ideas comunistas
de Platón” no Centro Obrero de
Cultura de Ferrol.

Publica na revista *Archivos*
do SEG o artigo “Como vía
a Aristóteles o P. Feijóo”
(1930), o seu primeiro traballo
de investigación histórico-
filosófico.
Setembro, imparte o “Discurso

1910 20 de abril, paso do Cometa
Halley.
30 de outubro, nace Miguel
Hernández en Orihuela.

1923 13 de setembro, golpe de estado
de Primo de Rivera.
12 de outubro, fundación do
Seminario de Estudos Galegos
(SEG).

1926 Ramón María del Valle-Inclán
publica *Tirano Banderas*.
Fundación da Federación
Universitaria Escolar (F.U.E.),
onde militará Carvalho.

1927 Reunión en Sevilla da Xeración
do 27 para unha homenaxe a Luís
de Góngora.

1928 Na Gran Bretaña e en Irlanda
do Norte as mulleres obteñen o
dereito ao voto.

1929 Nace na Coruña a *Organización
Republicana Gallega Autónoma*
(O.R.G.A).
A F.U.E. organiza a primeira
folga estudantil en Santiago de
Compostela.

1930 15 de febreiro, caída do goberno
de Primo de Rivera.
Realízanse os Pactos de
Barrantes e de Lestrobe, onde
se constituiu a *Federación
Republicana Gallega*, e o
Banquete de Barxa.

Cronoloxía

de apertura del curso 1930-1931” como Presidente da Asociación Profesional de Alumnos da Facultade de Dereito.

Publica *La fuerza pública en la Universidad de Santiago*.
Publica o seu primeiro libro en galego, *Vieiros*, na Editorial Nós. Finaliza os estudos de Dereito. Redacta con Lois Tobío o “Anteproyecto de estatuto da Galiza” con contribucións de Vicente Risco e Paz Andrade e un informe económico de Alexandre Bóveda. Participa na creación do Partido Galeguista.

1931 14 de febreiro, dimisión do xeneral Dámaso Berenguer. Protestas estudantis en Compostela. 14 de abril, proclámase a II República. 1 de outubro, recoñécese o dereito ao voto das mulleres en España. 6 de decembro, fundación do Partido Galeguista en Pontevedra.

Publica *La Soledad Confusa* na Editorial Nós. 19 decembro, entra na Executiva do Partido Galeguista.

1932 *A Nosa Terra* transfórmase en órgano do Partido Galeguista. 19 decembro, Segunda Asemblea do Partido Galeguista.

Gaña praza de auxiliar administrativo no Concello de Ferrol. Convértese no segundo presidente do Partido Galeguista de Ferrol. Casa con María Ignacia Ramos, licenciada en Historia e compañeira de estudos universitarios.

1933 Fúndase a Falange Española. Publicase *Nós, os inadpatados* de Vicente Risco. Galiza é admitida como membro no IX Congreso de Nacionalidades Europeas (CNE).

Publica *O silencio axionllado* na Editorial Nós.

1934 Revolución de outubro en Asturias e proclamación en Cataluña do “Estado catalán dentro da República federal española”.

Licénciase por libre en Filosofía e Letras.

1935 25 de xullo, Mitin das Arengas na Praza da Quintana.

Abril, é elixido compromisario pola *Frente Popular* para as eleccións á Presidencia da República. Xuño, preséntase en Madrid ás probas para profesor en Lingua e Literatura Española. Combate no Batallón da FETE-UGT e participa na defensa de Madrid.

1936 Febreiro, triunfo da *Frente Popular* nas eleccións xerais e Ánxel Casal é nomeado alcalde de Santiago. 28 de xuño, plebiscito para a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galiza. 15 de xullo, a comisión entrega o Estatuto nas Cortes da República. 18 de xullo, inicio da Guerra civil española. Agosto, asasinato de Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño e García Lorca entre outros moitos.

Elevado a oficial, trasládase co Goberno da República a Valencia, e despois para o Exército de Andalucía.

1937-38 Bombardeo de Gernika por avións da Luftwaffe. Comezo da batalla de Teruel.

Carvalho Calero, preso en Xaén, é condenado por rebelión e separatismo a 12 anos e un día.

1939 1 de abril, anúnciase o fin da Guerra Civil. 1 de setembro, inicio da II Guerra Mundial.

Carvalho regresa a Ferrol en réxime de liberdade condicional. Imposibilitado para exercer a función pública, exerce no ensino privado.

1941 Abdicación e morte de Afonso XIII.

15 de outubro, comeza a colaborar baixo pseudónimo en *La Noche*. Colabora na Colección Bibliófilos Gallegos.

1944 15 de novembro, creación do Consello de Galiza no exilio.

É profesor do Colegio Fingoi (1950-1965), Lugo, chegando a ser director. Publica <i>Anxo de terra</i> na Colección de Poesía Benito Soto, Pontevedra.	1950	Morre Castelao en Buenos Aires. Fundación das editoras Galaxia e Monterrey e disolución do Partido Galeguista.	Publica <i>Salterio de Fingoy</i> , e edita <i>Versos ñorados e ou esquecidos</i> de Eduardo Pondal.	1961	Publicación de <i>Memorias dun neno labrego</i> , de Xosé Neira Vilas, <i>O crepúsculo e as formigas</i> , de X. L. Méndez Ferrín e creación da Agrupación Cultural O Galo.
Publica <i>A xente da Barreira</i> , Premio do 1º Concurso de Bibliófilos Gallegos de 1950 e primeira novela en galego publicada despois da Guerra Civil.	1951	Nace a Colección Grial, de Galaxia (pechada en 1953 pola censura franquista).	Publica <i>Historia da literatura galega contemporánea e Farsa das zocas</i> . Colabora asiduamente con artigos sobre lingua e literatura en <i>Grial</i> . Cáncélanse os seus antecedentes penais por "auxilio a la rebelión".	1963	Constitución do Patronato da Fundación Penzol en Vigo, da Asociación O Facho na Coruña, do Consello da Mocidade e dos Premios de Teatro Castelao. 17 de maio, centenario de <i>Cantares Gallegos</i> e celebración do primeiro Día das Letras Galegas. Refundación da Revista <i>Grial</i> .
Publica <i>Poemas pendurados dun cabelo</i> na Colección Xistral, Lugo.	1952	Publicación de: <i>O paxaro na boca</i> , de Luz Pozo Garza; <i>Íntimas</i> , de Pura Vázquez; <i>Fabulario novo</i> , de Cuña Novás; <i>Morrendo a cada intre</i> , de Manuel María; e <i>Fardel do eisilado</i> , de Luís Seoane.	Incorpórase como profesor agregado no Instituto Femenino Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela, e como profesor interino de Lingua e Literatura Galegas na USC. Publica <i>A arbore</i> .	1965	Créase a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas na USC. "Rebelión dos fouciños" das mulleres en Castrelo de Miño contra a construción dun encoro.
Doutórase en Madrid cunha tese, premio extraordinario, sobre literatura galega contemporánea.	1954	Informe presentado ante a Unesco pola colectividade galega da Arxentina denunciando a persecución que a lingua galega sufría polo réxime franquista.	Publica a <i>Gramática elemental del gallego común</i> , Galaxia, e o Breviario antolóxico de la literatura gallega contemporánea, RAG.	1966	A sonda soviética <i>Luna 9</i> é a primeira en pousar sobre un corpo celeste, a superficie da lúa.
Publica <i>Sete poetas galegos</i> , en Galaxia e a súa tese, <i>Aportaciones a la literatura gallega contemporánea</i> .	1955	Publicación de <i>Os Eidos</i> , de Uxío Novoneyra. A ONU e a OCDE admiten a España.	Publica o <i>Auto do prisioneiro</i> . Comeza a elaboración das <i>Normas Ortográficas e Morfolóxicas para o galego</i> , asumidas e presentadas pola Real Academia Galega.	1970	Xohana Torres publica a novela <i>Adiós, María</i> . Realízase a primeira cerimonia en galego na historia da igrexa galega.
17 de maio, ingresa na Real Academia Galega co discurso "Contribución ao estudo das fontes en Rosalía", respondido por Otero Pedrayo e publicado en 1959.	1958	O Grupo Brais Pinto é creado por estudantes e traballadores galegos residentes en Madrid.	Publica <i>A sombra de Orfeo</i> , <i>Catro pezas</i> e <i>Sobre lingua e literatura galega</i> .	1971	Fundación do Instituto da Lingua Galega (ILG).

Gaña por oposición a cátedra de Lingüística e Literatura Galega acabada de crear na USC. Publica <i>Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro</i> .	1972	X. L. Franco Grande publica o <i>Vocabulario Galego Castelán</i> . Dous obreiros de Ferrol, Amador Rei e Daniel Néboa, son asasinados pola policía franquista durante unha manifestación.	Asociación de Escritores en Lingua Galega. Comeza a asinar como Carvalho Calero. Publica <i>Problemas da lingua galega</i> .	do 6 de abril pola que se aproba o Estatuto de Autonomía.
Publica en <i>La Voz de Galicia</i> o artigo "Ortografía galega", onde defende por primeira vez de forma explícita unha posición reintegracionista.	1975	20 de novembro, morre o ditador Francisco Franco.	Publica <i>Futuro condicional</i> (1961-1980), e o <i>Teatro completo</i> , entre outros.	1982 Publicanse as <i>Normas do Idioma Galego</i> , elaboradas pola RAG e o ILG, contrarias ás teses de Carvalho.
Carvalho non acepta ser candidato á presidencia da Real Academia Galega. Antón L. Galocha publica o libro de conversas <i>Carballo Calero. Do galeguismo e da lingoa</i> , A Nosa Terra.	1977	Falecemento de Sebastián Martínez Risco, presidente da Real Academia Galega. Legalización do Partido Comunista e fin da censura. Fúndase a Escola Dramática Galega.	Publica <i>Da fala e da escrita</i> .	1983 Apróbase a <i>Lei de Normalización Lingüística</i> no Parlamento Galego.
É nomeado presidente da comisión encargada de establecer unhas normas lingüísticas para o uso administrativo da lingua galega. Publica <i>O redondel</i> .	1979	Redáctase o <i>Estatuto dos dezaseis</i> , texto estatutario para a autonomía de Galiza. Falecen Luís Seone, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor.	Concédeselle a Medalla Castelao. Rexeita o convite para formar parte do Consello da Cultura Galega, acabado de constituír. Publica <i>Narrativa completa</i> .	1984 Chegan de Buenos Aires os restos de Castelao ao Panteón dos Galegos Ilustres, entre múltiples protestas. Nace o Centro Dramático Galego. Publicase <i>De amor e desamor</i> , de Lois Pereiro.
Xubilase da docencia. Publica <i>Pretérito imperfecto</i> (1927-1961).	1980	Constitución da Asociación de Escritores en Lingua Galega. 21 de decembro, referendo que aproba o Estatuto de Autonomía de Galiza, despois de manifestacións polo recorte ao <i>Estatuto dos dezaseis</i> .	Publica <i>Cantigas de amigo e outros poemas</i> . Pecha o <i>Encontro sobre o estado actual da normalización lingüística</i> , onde se acorda crear a Mesa pola Normalización Lingüística.	1986 9 de febreiro, paso do Cometa Halley. Nace a Mesa pola Normalización Lingüística. España ingresa na CEE.
É nomeado membro da Academia das Ciéncias de Lisboa e Membro de Honra da	1981	Fundación da Associação Galega da Língua (AGAL). Publícase a Lei Orgánica 1/1981,	Publica <i>Scórpio</i> , pola cal obtén o Premio da Crítica de narrativa galega.	1987 O Camiño de Santiago é declarado Primeiro Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa.
			Falece o 25 de marzo e é enterrado no Cemiterio de Boisaca.	1990 Falece Ramón Piñeiro.



Estatua de Carvalho Calero, diante da súa casa na rúa Carreira do Conde, erixida por subscripción popular en 2010 como homenaxe no seu centenario.

• De Ricardo Carvalho Calero

Vieiros. Editorial Nós, A Coruña, 1931.
O silencio axionllado. Editorial Nós, Santiago de Compostela, 1934.
Pretérito imperfecto (1927-1961). Edicións do Castro, Sada, 1980.
Futuro condicional (1961-1980). Edicións do Castro, Sada, 1982.
Cantigas de amigo e outros poemas (1980-1985). Ilustracións de Felipe Criado. Asociación Galega da Língua (AGAL), A Coruña, 1986.
Reticências... (1986-1989). Edicións Sotelo Blanco, Barcelona, 1990.

A xente da Barreira. Ilustracións de A. Portela Paz. Ed. Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1951.
Narrativa completa. Edicións do Castro, Sada, 1984.
Scórpido. Edicións Sotelo Blanco, Barcelona, 1987.

Teatro completo. Edicións do Castro, Sada, 1982.

Historia da literatura galega contemporánea. Editorial Galaxia, Vigo, 1975 2ª edición [1ª ed. 1963].
Gramática elemental del gallego común. Editorial Galaxia, Vigo, 1966.
Estudos rosalianos: aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro. Editorial Galaxia, Vigo, 1979.
Do galego e da Galiza. Edicións Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1990.

• Sobre Ricardo Carvalho Calero

Fernán-Vello, M. A./Pillado Mayor, F. (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero*. Barcelona, Edicións Sotelo Blanco.
 Blanco García, C. (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero*. Vigo, Editorial Galaxia.
 Blanco García, C. (1991): *Carballo Calero: política e cultura*. Sada, Edicións do Castro.
 Salinas Portugal, F. (1991): *Voz e Silencio (Entrevista con Carvalho Calero)*. Pontevedra, Edicións do Cumio.
 Montero Santalha, J.M. (1993): *Carvalho Calero e a súa obra*. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.
 García Negro, P. (2010): *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*. Santiago de Compostela, Edicións Laiovento.

Bibliografía básica

Poesía

Narrativa

Teatro

Ensaio

Un paseo por Santiago con Ricardo Carvalho Calero.
Álbum fotográfico por Moncho Rama, a mediados dos anos
oitenta.

- 1 Claustro da Facultade de Xeografía e Historia
- 2 Despacho da Facultade de Filoloxía (actualmente Filosofía)
- 3 Praza de Mazarelos
- 4 Porta da Facultade de Filoloxía (actualmente Filosofía)
- 5 Despacho da Facultade de Filoloxía (actualmente Filosofía)
- 6 Praza do Obradoiro
- 7 Escaleira do Pazo de San Xerome
- 8 Claustro do Pazo de San Xerome
- 9 Praza de Praterías
- 10 Despacho do seu domicilio en Carreira do Conde
- 11 Praza da Quintana
- 12 Praza do Obradoiro
- 13 Praza da Quintana

